*“Espazo público cunha superficie de cento dezaseis metros cadrados (116 m<sup>2</sup>), sito no lugar da Cazolga, parroquia de Santa María ( T.M. Lourenzá), e que linda ao Norte, coa parcela 1-100 propiedade dos Herdeiros de D. Jesús Rodríguez Polo, actualmente D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goas; ao Sur, con pozo de auga e camiño público; ao Leste con casa e anexo dende D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goas e camiño e ao Oeste, con camiño e edificación de D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goas. Dito espazo atópase dentro do Núcleo Rural de A Cazolga, parroquia de Santa María (Lourenzá) e cualificado como Núcleo Rural, espazo viario”.*

Segundo.- Notificar o presente acordo a D<sup>a</sup>. Angeles Rodríguez Goás e citala para a sinatura de contrato mediante escritura pública ante Notario, correndo os gastos da mesma a cargo da compradora.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García, para que proceda ó outorgamento do correspondente contrato de compravenda e a súa elevación a Escritura Pública e a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Cuarto.- Dar conta ó Órgano Competente da Comunidade Autónoma por non exceder o seu valor do 25% dos recursos ordinarios do presupuesto da Corporación, da enaxenación do ben inmoble que se pretende."

### Expediente 87/2021. ADQUISICIÓN Á XUNTA DE GALICIA DA PARCELA 1152/5 EN " O CASTRO"(LOURENZÁ).

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Visto o escrito da Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, de data 10/02/21, Asunto: VND/2021/0004-Proposta de Alleamento directo da parcela 1152 do polígono 5 da zona de concentración parcelaria de Lourenzá-Norte, lugar de O Castro, que tivo entrada nestas oficinas municipais o mesmo día 10/02/2021, sendo rexistrado co núm. E-RC-262 (Gestiona 87/2021) e no que se informa que a Comunidade Autónoma é titular da parcela 1152, do polígono 5 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá-Norte, situada no

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

lugar de O Castro, en calidade de masa común ou sobrante. Dita parcela esta inscrita no Rexistro da Propiedade de Mondoñedo como finca 9304(tomo 696, libro 82, folio 76), con Referencia Catastral 27027B005011520000LE.

Visto que en dito escrito indica que o Concello de Lourenzá mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 28/02/2020 acordou solicitar á Comunidade Autónoma a cesión de dita fina co obxecto de instalar nela antenas de telefonía de cobertura municipal a tenor do disposto no artigo 8 da Lei 5/2011 do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma no que se establece que os bens e dereitos patrimoniais da Comunidade Autónoma de Galicia poden ser cedidos gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social a outras administracións públicas, fundacións públicas e entidades sen ánimo de lucro.

Visto que en dito escrito, a citada Secretaría Xeral Técnica expón que a instalación de antenas de telefonía non se conta entre as finalidades definidas por esta lei como de utilidade pública o interese social, debido a súa configuración como actividade lucrativa, non soamente para os fins perseguidos pola compañía que instala as antenas, senón tamén para o titular da finca, que percibe o correspondente canon pola utilización do terreo e polo tanto, conclúese que non se pode levar a cabo a cesión solicitada polo Concello de Lourenzá.

Visto que, segundo o citado escrito, e téndose en conta que xa existe unha antena instalada na parcela , e que resulta procedente acudir ao establecido no artigo 77.a da devandita Lei que di que: "*Pode acordarse o alleamento de bens inmobilés o dereitos reais do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia por adxudicación directa nos seguintes supostos: a) Cando o adquirente fose outra administración pública o, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ó sector público (...);e, en consecuencia, efectuar un alleamento directo a favor do Concello por importe de MIL SETECENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.795,82.-), de acordo coa valoración elaborada polo servizo técnico de inventario de data 02/02/2021, que consigna o valor total do terreo, incluíndo os 64 metros cadrados valados onde se encontra a instalación da antena e aprobado pola Secretaría Xeral Técnica o día 08/02/2021.*

Visto que a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública indica que , no caso de o Concello de Lourenzá estivera interesado na formalización dun acordo de alleamento da parcela citada, deberá achegar unha

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

solicitud formal na que conste a aceptación expresa do prezo sinalado así como deberá consignar a Caixa Xeral de Depósito o 25% do prezo, que ascende a CATROCENTAS CORENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SEIS SÉNTIMOS (448,96.-), tal e como dispone no artigo 65 do Decreto 50/1989 do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Patrimonio de Galicia. Dita cantidade pasaría a formar parte do prezo final da compravenda.

Visto que consta no expediente a valoración do arquitecto técnico municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, de data 18/02/21, na que se manifesta a súa conformidade co valoración da parcela fixada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia así como o informe de Secrtaría-Intervención,

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do escrito, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de Lourenzá de adquirir no prezo de MIL SETECENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.795,82.-), a parcela Núm. 1152, do polígono 5 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá-Norte, situada no lugar de O Castro, en calidade de masa común ou sobrante. Dita parcela esta inscrita no Rexistro da Propiedade de Mondoñedo como finca 9304(tomo 696, libro 82, folio 76), con Referencia Catastral 27027B005011520000LE, cunha superficie segundo Dirección Xeral do Catastro, de 634 m<sup>2</sup>.

SEGUNDO.- Ingresar en concepto de fianza, e como trámite previo, o 25% do prezo fixado, que ascende a CATROCENTAS CORENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SEIS SÉNTIMOS (448,96.-) na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda e Administración Pública. Dita cantidade pasará a formar parte do prezo final da compravenda.

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo así como o resgado orixinal do ingreso da fianza á Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública para o seu coñecemento e efectos procedentes.

CUARTO.- Asumir por conta do Concello tódolos custos de outorgamento de escritura pública na que formalizará a compravenda así como tódolos gastos e impostos derivados da transmisión que sexan de aplicación conforme a lexislación vixente.

QUINTO.- Facultar a Sra. Alcadesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo, incluídos os da escritura publica.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

### Expediente 96/2021. SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA DA ACIAL PARA O ENTROIDO VIRTUAL 2021.

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Neste punto do orde do día deuse conta do escrito presentado por Dª. Lucía Valea López, con NIF. \*\*\*\*3488-C, en representación de ACIAL Lourenzá, con CIF. G-27109735, quen solicita unha axuda económica para a realización do Entroido Virtual de Lourenzá, debido a que este ano o tradicional desfile de piñata non se pode realizar a causa da pandemia Covid-19, indicando que este ano os premios ían a consistir en vales de compra para gastar nos comercios, hostalería, autónomos etc. da ACIAL de Lourenzá e achegando o díptico cos premios que se ían a entregar.

Visto que o importe total dos premios a entregar supoñen un importe total de Mil douscentos cincuenta (1.250,00) euros, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda económica por importe de SEISCENTOS (600,00) EUROS, destinada a tódolos premios incluídos na Categoría Infantil e que son os seguintes:

| ENTROIDO VIRTUAL LOURENZA 2021 |        |
|--------------------------------|--------|
| INDIVIDUAL                     | EUROS  |
| Primeiro Premio                | 60,00  |
| Segundo Premio                 | 40,00  |
| Terceiro Premio                | 20,00  |
| PARELLAS                       |        |
| Primeiro Premio                | 80,00  |
| Segundo Premio                 | 60,00  |
| Terceiro Premio                | 40,00  |
| GRUPOS                         |        |
| Primeiro Premio                | 120,00 |
| Segundo Premio                 | 100,00 |
| Terceiro Premio                | 80,00  |
| TOTAL                          | 600,00 |

SEGUNDO.- Unha vez concedidos e adxudicados os premios e como trámite previa ao abono da axuda económica concedida, el





## Concello de Lourenzá

beneficiario deberá presentar memoria final detallada que describirá os obxectivos e resultados conseguidos, Certificado de que foi cumplida a finalidade para a que se concedeu a subvención conforme ó presuposto e proxecto presentado, relación numerada dos gastos realizados coas facturas, recibos e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, cuio importe fora abonado con cargo á subvención concedida así como unha declaración das actividades do proxecto que foran realizadas, con descripción das que foran financiadas coa subvención e o seu coste, así como aquelas que teñan sido financiadas con fondos propios ou outras subvencións.

En calquera caso, o importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención .

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo a Dª. Lucía Valea López en representación da ACIAL LOURENZÁ, para o seu coñecemento e efectos pertinentes.

### ALTA SAF DEPENDENCIA DE Dª. AMADA RIVAS LEITÓN.

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. AMADA RIVAS LEITÓN con DNI. núm. \*\*\*\*2808Q, con domicilio en Rúa Campo da Feira, núm 2, 1º C da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, a través do sistema de dependencia a Dª. AMADA RIVAS LEITÓN de 58 horas ao mes polo que deberá abonar cento cincuenta e un euros con noventa e seis

### CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. ISIDRO MASEDA CARREIRAS

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista solicitude núm. 196/2021 subscrita por D. ISIDRO MASEDA CARREIRAS, con N.I.F. núm. \*\*\*\*9013V, con domicilio en As Ribas núm. 5 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

urbanos en Soutelo núm. 8, da Parroquia de Santa María, que antes figuraba a nome de D. Francisco Maseda Rico para que agora figure a nome de D. Isidro Maseda Carreiras en Soutelo núm. 8.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

### Expediente 100/2021. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO Dª ANA Mª IGLESIAS FERNÁNDEZ

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude núm. 310/2021 subscrita por Dª. ANA Mª IGLESIAS FERNÁNDEZ, con N.I.F. núm. \*\*\*\*6694A, con domicilio en Solleiro núm. 2 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Solleiro núm. 2, da Parroquia de San Adriano, que antes figuraba a nome de D. Francisco Iglesia Irimia para que ahora figure a nome de Dª. Ana Mª Iglesias Fernández en Solleiro núm. 2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

### Expediente 102/2021. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª CÁNDIDA CAMPOS CRECENTE

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude núm. 315/2021 subscrita por Dª. CÁNDIDA CAMPOS CRECENTE, con N.I.F. núm. \*\*\*\*7028K, con domicilio en Veiga núm. 12 da Parroquia de Santo Adrao deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Veiga núm. 12, da Parroquia de Santo Adrao, que antes figuraba a nome de D. Antonio Campos López para que agora figure a nome de Dª. Cándida Campos Crecente en Veiga núm. 12 da Parroquia de Santo Adrao.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

### Expediente 99/2021. BAIXA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO Dª ANA Mª RODRÍGUEZ ALVAREZ

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista solicitude de 08/02/21 subscrita por Dª. ANA Mª RODRÍGUEZ ALVAREZ con D.N.I. núm. 5763M, con domicilio en Calvo Sotelo núm. 3, 2º da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Calvo Sotelo núm. 3, bajo, Santa María, por cese de actividade industrial. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar a baixa de Dª. ANA Mª RODRÍGUEZ ALVAREZ no Padrón de recollida de resíduos sólidos urbanos en Calvo Sotelo núm. 3, bajo, Santa María con efectos do 1º trimestre de 2021.

### Expediente 20/2020. BAIXA POSTO MERCADO D. JOSE ANTONIO SILVOSA INSUA

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista solicitude de 28/01/21 subscrita por D. JOSÉ ANTONIO SILVOSA INSUA con D.N.I. nº \*\*\*\*6927L con domicilio en Avda. Tierra Llana 112-114, 4º A de Villalba, na que solicita a baixa no posto de Mercado número 4.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda autorizar a baixa no posto de mercado nº 4 de D. JOSÉ ANTONIO SILVOSA INSUA con efectos do mes de febreiro de 2021.

### Expediente 94/2021. SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVÁLIDOS D. JOSE LUIS GARCÍA POLO

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a solicitude formulada por D. JOSÉ LUIS GARCÍA POLO con DNI.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

nº \*\*\*\*5387P, veciño de Avda. de Mondoñedo núm, 34 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusválidos e presenta copia da calificación de minusvalía.

Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servicio aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por personas con movilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

Conceder a taxjeta de estacionamento para minusválidos a D. JOSÉ LUIS GARCÍA POLO con DNI. nº \*\*\*\*5387P, por cumplir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

### Expediente 22/2018. LIQUIDACIÓN R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U., 4º TRIMESTRE 2020

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimiento |
|------------------|--|


Visto o escrito presentado o 27/01/21 con número de rexistro de entrada núm. 2021-E-RC-126 por D. Angel Luís Olabuenaga Buron con D.N.I. núm. \*\*\*\*3818E, en representación de R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. con C.I.F. A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no cuarto trimestre do 2020 e que ascenden á cantidade de trece mil cincocentos oitenta e sete euros con vinte e nove céntimos (13.587,29).

Visto que R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., foi adxudicatario da concesión administrativa para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais de Galicia e Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Aprobar a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio publico local do cuarto trimestre de 2020, segundo a

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

cal deberá abonar douscentos tres euros con oitenta e un céntimos (203,81.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidade de trece mil cincocentos oitenta e sete euros con vinte e nove céntimos (13.587,29).

2º.- Notificar a R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., o presente acordo aos efectos de que proceda o abono da liquidación practicada.

### Expediente 101/2021.DEVOLUCIÓN FIANZA PROVISIONAL NORVENTO S.L.U. PARQUE EÓLICO SINGULAR.

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista o escrito presentada por Dª. MARTA FERNÁNDEZ CASTRO, con NIF. Núm. \*\*\*\*2436-T, en representación de NORVENTO S.L.U., con CIF.B-27210285, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Ramón María Aller Ulloa 23-Polígono Industrial As Gándaras (27003 LUGO), de data 17/02/21, rexistrado de entrada o mesmo día co núm..E-RE-59 (Gestiona 101/2021) e no que SOLICITA a devolución do Aval Bancario de Caixa Galicia, de data 12/09/2005, rexistrado no Rexistro Especial de Avales co núm. 158.053, por un importe de Trinta e cinco mil (35.000,00) euros e presentado, como garantía provisional, para responder ás obrigacións de "Redacción do proxecto de execución así como a promoción, construcción e xestión en réxime de concesión administrativa do Parque Eólico Singular do Concello de Lourenzá, de 2,3 Mw."

Visto que por Resolución de 24/05/2005, publicouse a relación de solicitudes de parques eólicos singulares admitidas a trámite na que aparecía incluído o Parque Eólico Singular de Lourenzá, cunha potencia de 2,3 MW.

Visto que posteriormente , con data 30/08/2005, publicouse no DOGA o concurso para a redacción do proxecto de execución, promoción, construcción e xestión en réxime de concesión administrativa do Parque Eólico Singular do Concello de Lourenzá , e que no prego de condicións de dito concurso se solicitaba, como garantía provisional, o depósito dunha garantía provisional de 35.000,00 euros para responder ás obligacións do mesmo.

Visto que a empresa NORVENTO S.L.U. presentouse a dito concurso depositando, como garantía provisional, un aval de Caixa Galicia por dito importe , con data 12/09/2009 e núm. Registro 158.053, tal e como consta no expediente.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Visto que a empresa NORVENTO S.L.U. resultara adxudicataria provisional de dito concurso para a "Redacción do proxecto de execución así como a promoción, construcción e xestión en réxime de concesión administrativa do Parque Eólico Singular do Concello de Lourenzá, de 2,3 MW", por acordo plenario de 21/10/2005, condicionada á autorización de dito Plan Eólico Singular.

Visto que con data 30/01/2007 anularase a Resolución de 24/05/2005 pola que se admitía a trámite o Plan Eólico Singular de Lourenzá e con data 20/07/2007 publicarase no DOGA, unha nova resolución de 11/06/2007, cunha nova relación de solicitudes de autorización de parques eólicos singulares admitidas a trámite e figurando na mesma o de Lourenzá cunha potencia de 1 MW.

Visto que con data 17/10/2007 o Concello de Lourenzá presentou solicitude de autorización administrativa ante a Consellería de Industria pero que a tramitación dos proxectos derivados desa Orde foi paralizada tras a sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 11/11/2015 que volve a anular a Orde de 11/07/2007 e ordena a retroacción do expediente ó momento de constitución da Comisión de Valoración e polo tanto no é posible, polo momento, a tramitación do proxecto.

Así pois, a Xunta de Goberno, á vista da documentación que conforma o expediente, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:


PRIMEIRO.- Aprobar a devolución á NORVENTO S.L.U., con CIF.B-27210285, e na súa representación a Dª. Marta Fernández Castro, do Aval Bancario de Caixa Galicia, de data 12/09/2005, rexistrado no Rexistro Especial de Avales co núm. 158.053, por un importe de Trinta e cinco mil (35.000,00) euros e presentado, como garantía provisional, para responder ás obrigacións de "Redacción do proxecto de execución así como a promoción, construcción e xestión en réxime de concesión administrativa do Parque Eólico Singular do Concello de Lourenzá, de 2,3 MW.", que fora adxudicado polo Pleno na sesión celebrada o día vinte e un de outubro do dous mil cinco.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a Dª. Marta Fernández Castro, en representación de NORVENTO S.L.U., con CIF.B-27210285, e con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Ramón María Aller Ulloa 23-Polígono Industrial As Gándaras (27003 LUGO) para o seu coñecemento e efectos pertinentes.

**Expediente 384/2019. CERTIFICACIÓN NUM. 3 E FINAL OBRA**

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

### "CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMIENTO DE LOURENZÁ".

#### Favorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a factura númer. EMIT000090 de data 16/02/2021 presentada por OURI ENTRETENIMIENTOS S.L. con NIF. B32425654, con domicilio social en Rúa Santos Mieites númer. 10 de Boiro, cun importe de 7.052,99 euros, IVE incluído, e referente á execución da obra denominada "CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMIENTO EN LOURENZÁ", dentro dun Convenio Interadministrativo asinado coa Exma. Deputación Provincial.

Vista a certificación númer. 3 e final da obra, emitida pola redactora do proxecto e directora das obras, Dña. Ana Belén Mera Arias.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a certificación númer. 3 e final, e a factura númer. EMIT000090 de data 16/02/21 por importe de cinco mil ochocientos veintiocho euros con noventa e dous céntimos (5.828,92.-) e un I.V.E. de mil douscentos vinte e catro euros con sete céntimos (1.224,07.-), facendo un total de sete mil cincuenta e dous euros con noventa e nove céntimos (7.052,99.-) da empresa OURI ENTRETENIMIENTOS S.L. con NIF. B32425654, referente á obra denominada "CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMIENTO EN LOURENZÁ".

Segundo.- Remitir certificación da presente Resolución así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### FACTURAS FEBREIRO 2021.

#### Favorable

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A) A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF.<br>ACREDOR | NÚM.<br>FACTURA<br>E DATA | CONCEPTO | IMPORTE<br>(IVE incluído) |
|------------------------|---------------------------|----------|---------------------------|
|                        |                           |          |                           |

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

|   |                 |                   |                  |
|---|-----------------|-------------------|------------------|
| CONCELLO DE<br>BARREIROS<br>CIF.P2700500H | Xaneiro<br>2021 | Recollida<br>lixo | 11.991,12        |
| <b>TOTAL</b>                              |                 |                   | <b>11.991,12</b> |

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### DACIÓN DE CONTA ESCRITO MANCOMUNIDADE SOBRE ADXUDICACIÓN CONTRATO CONTEDORES ROUPA USADA.

Neste punto do orde do día deuse conta do escrito achegado pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, de data 04/02/21, rexistrado de entrada o mesmo día, co núm. E-RC-189(Gestiona 72/2021) e no que se informa de que o pasado 21/01/2021 formalizouse o contrato coa empresa Texlimca, S.L. para que preste o servizo de recollida de roupa usada e outros residuos téxtils en exclusiva en todos os concellos da Mancomunidade(excepto Viveiro) durante os próximos tres anos, prorrogables por anualidade ata un máximo de cinco anos. Achevase tamén o prego de prescripcións técnicas para saber as obrigas da empresa na prestación do servizo así como os datos de contacto da empresa.  
Os membros que integran a Xunta de Goberno Local quedaron ó tanto do contido do escrito.

#### DACIÓN DE CONA ESCRITO DIPUTACIÓN SOBRE ESTUDO DA IMPLANTACIÓN DA NOVA TAXA INSTALACIÓNNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASODUCTOS.

Neste punto deuse conta do escrito achegado pola Exma. Deputación Provincial o día 19/02/21, rexistrado de entrada o día 23/02/21 co núm. 355 e referente á comunicación de data de formalización do contrato de servizos, inicio dos traballos e contía da aportación municipal para a realización de inventarios e informes técnico-económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalaciónns de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, informando que se adxudicou á empresa U.T.E.IURISLOCALIA-HIJOS





## Concello de Lourenzá

DE VALBUENA Y RON, por un importe, IVE incluído, de 246.393,51 e unha duración de catro (4) anos dende o inicio do contrato que entrou en vigor o día 1 de febreiro do 2021.

Indícase tamén que dado que o prezo do contrato foi menor que o valor estimado da licitación, a aportación do concello veuse reducida, ascendendo o seu importe a Mil novecentos corenta e cinco euros con vinte e dous céntimos(1.945,22.-) , ao que se lle aplicará un IVE do 21%, sendo o importe total de Dous mil trescentos cincuenta e tres euros con setenta e dous céntimos (2.353,72).-

Dita aportación deberá ser ingresada na conta da Deputación no prazo dos trinta días hábiles seguintes ao da entrega ao concello do inventario de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal, dos estudos técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal e da proposta de tarifas e segundo os pregos de prescripcións técnicas, a empresa está obrigada a executar ditos traballos ao longo dos primeiros oito meses.

Os membros da Xunta de Goberno quedaron ó tanto do contido do escrito.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNIS LIBRES

Non hai asuntos

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

Concello de Lourenzá